

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 17 DE AGOSTO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezasete de agosto de 2022, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona María Baza Poudereaux, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Acordouse aprobar as actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 1, 8, 15, 22 e 29 de xuño, e do 6, 13 e 27 de xullo de 2022.

ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acordouse outorgar licenza para as seguintes actuacións:

- Mellora das condicións de accesibilidade en dous edificios de vivendas, na rúa Milagrosa, números 45 - 47, con referencias catastrais números 7041305ph1674s // 7041304ph1674s, (Exp. 2021/Y001/000339).

- Rehabilitación de edificación existente para vivenda unifamiliar na rúa Salmón, número 15, con referencia catastral 7640011ph1674n0001ei, (Exp. 2021/Y001/000311).

- Construción dunha nave de planta baixa e primeira de uso industrial sen actividade definida na rúa Ramón María Aller Ulloa, número 72, parcela E.1.1 do parque empresarial das Gándaras, con referencia catastral 8171701ph1687s0001hw, (Exp. 2022/Y001/000128).

ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2.- CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acordouse adxudicar as seguintes contratacións:

- Obra de mellora do firme das estradas municipais que partindo da pista de Argonde atravesan o lugar de Vilachá de Ribas de Miño ata a mesma pista de Argonde e acceso a vivendas e igrexa parroquial (Ribas de Miño), Obra incluída no Plan provincial único de cooperación. Exp. Ref. 2022-c002-000009.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac3594585146654955860.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-8-2022

- Obra de mellora do firme das estradas municipais denominadas pista de Teicelle e a pista da Ferrería nos lugares de Teicelle e o Caínzo. parroquia de Lamas, obra incluída no Plan provincial único de cooperación. Exp. Ref. 2022-C002-000008.

- Obra de mellora do firme da estrada municipal de Allariz e camiño de San Román e estrada que partindo da estrada provincial CP-2402 atravesa o lugar do Val ata as proximidades da estrada provincial CP-1611 (Santa Cristina de San Román), obra incluída no Plan provincial único de cooperación. Exp. Ref. 2022-C002-000011.

- Subministración de material de imprenta (reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social) Exp. Ref. 2022/C004/000011.

- Obra de mellora do firme dun treito de estrada municipal que atravesa o lugar de Piñeiro (San Martiño de Piñeiro), obra incluída no Plan provincial único de cooperación", Exp. Ref. 2022-C002-000010.

Así mesmo, acordouse proceder aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado e apertura do procedemento de adxudicación, para a contratación da obra mantemento e mellora de camiño entre Calde e o Burgo, Exp. Ref. 2022-C002-000019.

3.- FACENDA LOCAL.- Acordouse proceder a regularización tributaria por renuncia á licenza urbanística para construción de vivenda unifamiliar no solo clasificado como núcleo rural 48.3 Viladónega, nº 12-Rubiás.

4.- PERSOAL.- Acordouse proceder ao nomeamento de funcionario municipal como analista de sistemas aplicacións.

ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

5.- XUVENTUDE.- Acordouse aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións de concorrencia competitiva Xuventude 2022.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.